



SESION ORDINARIA DE 28 DE NOVIEMBRO DE 2023

(Acta número 11)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D^a. Carmen José López Rodríguez
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e oito de novembro de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	1/31



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil vinte e tres e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=2>

PARTE RESOLUTIVA

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2024, E DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“...

PROPOSTA DO PRESIDENTE

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O 2024


1.- O proxecto de Orzamento Xeral da propia entidade ascende a 113.143.259,41 €.

Aumenta en 5.884.039,50 € respecto de 2023, o que representa o 5,49 %.

O ámbito subxectivo a efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, mantendo os importes do ano 2023, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	113.143.259,41€
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.650.023,59€
- Consolidación dos 2 entes (LOE)	116.498.926,82€

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	2/31





Aumenta en 5.884.039,50 € respecto de 2023, o que representa o 5,32 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	Consortio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
I N G R E S O S				
Op. non financeiras (1-7)	112.843.259,41 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	116.198.926,82 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	7.034.606,72 €	- €		7.034.606,72 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.559.994,52 €	- €		5.559.994,52 €
3. TAX., PREC. PÚB. E OUTROS INGR.	6.019.994,00 €	1.061.311,23 €		7.081.305,23 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	87.819.949,65 €	4.588.712,36 €	2.294.356,18 €	90.114.305,83 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	1.344.000,00 €	- €		1.344.000,00 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	4.764.714,52 €	- €	- €	4.764.714,52 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €			- €
TOTAL	113.143.259,41 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	116.498.926,82 €

	G A S T O S			
Op. non financeiras (1-7)	111.229.795,04 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	114.585.462,45 €
1. GASTOS DE PERSOAL	31.238.459,98 €	4.516.856,68 €		35.755.316,66 €
2. GASTOS CORR. EN BENS E SERV.	32.629.547,24 €	986.929,00 €		33.616.476,24 €
3. GASTOS FINANCIEROS	499.200,00 €	100,00 €		499.300,00 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	17.934.106,74 €	- €	2.294.356,18 €	15.639.750,56 €
5. FONDO CONT. E OUT. IMPREV.	1.164.924,30 €	89.137,14 €		1.254.061,44 €
6. INVESTIMENTOS REAIS	16.509.844,44 €	57.000,77 €		16.566.845,21 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	11.253.712,34 €	- €	- €	11.253.712,34 €
Op. financeiras (8-9)	1.913.464,37 €	- €	- €	1.913.464,37 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	1.613.464,37 €	- €		1.613.464,37 €
TOTAL	113.143.259,41 €	5.650.023,59 €	2.294.356,18 €	116.498.926,82 €

O límite de gasto non financeiro da Deputación ascende a 111.229.795,04 € e a nivel consolidado co Consortio 114.585.462,45 €, atendendo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional o non dispoñer da taxa de referencia na reactivación das regras fiscais.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2024, formada por todas as retribucións salariais e extrasalarais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen aumento retributivo para 2024, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2024 ascendente a 6.982.883,72 €, co seguinte detalle:

Deputación: 3.787.329,21 €

Consortio de extinción de Incendios: 3.195.554,51 €

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	3/31



Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2024, consignando a tal fin a previsión do 2,5% das retribucións no fondo de continxencia.

Ao Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2024-2026).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase o Orzamento de 2023 do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2.- O Orzamento da propia Entidade en 2023 estaba cifrado en 107.259.219,91 €, o presente aumenta en 5.884.039,50 €, o equivalente 5,49 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
Op. non financeiras (1-7)	112.843.259,41 €
Oper. Corr. (1-5)	107.778.544,89 €
Oper. Cap. (6 -7)	5.064.714,52 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €
TOTAL INGRESOS	113.143.259,41 €
GASTOS	
Op. non financeiras (1-7)	111.229.795,04 €
Oper. Corr. (1-5)	83.466.238,26 €
Oper. Cap. (6 -7)	27.763.556,78 €
Op. financeiras (8-9)	1.913.464,37 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	1.613.464,37 €
TOTAL GASTOS	113.143.259,41 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 27.763.556,78 €, aumenta en 3.468.818,36 € respecto ao 2023, equivalente ao 24,54 % do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	4.764.714,52 €
-Alleamento de investimentos reais	300.000,00 €
-Recursos ordinarios:	22.698.842,26 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

Os Capítulos 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	4/31





Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2022, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2023 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2023 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro.

3.- Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación ao Consorcio en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.


Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2024 que ascende a 113.143.259,41 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º.- Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	5/31



4º.- Aprobar o límite de gasto non financeiro consolidado para 2024 ascendente a 114.585.462,45 € atendendo a criterios orzamentarios, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 6.982.883,72 €.

5º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2024-2026).

6º.- Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2024.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Toma a palabra a Interventora para indicar que sobre o documento inicial aportado hai unha serie de correccións na relación de Subvencións Nominativas. Apórtaselle aos Deputados copia das 4 páxinas do expediente dos Orzamentos nas que se producen os cambios, e os enumera:

Cultura (3340.48900) – correccións feitas nas denominacións dos perceptores:

- Substitúese “ASOC. ESCOLA DE MÚSICA ANTAS DE ULLA” por “ESCUELA DE MÚSICA DE ANTAS DE ULLA”.
- Substitúese “ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA AS FACHAS DE TABOADA” por “ASOCIACIÓN CULTURAL Y RECREATIVA AS FACHAS”
- Substitúese “ASOC. ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG)” por “ASOC. DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA”.
- Substitúese “FILARMÓNICA DE MONFORTE” por “SOCIEDAD FILARMÓNICA DE MONFORTE”


Deportes (3410.48900) - modificación nos importes:

- ASOCIACIÓN DEPORTIVA TRIPENTA TERRAS DE LUGO, GASTOS TEMPADA, 6.000,00 €.
- Club fútbol sala Castro, gastos tempada, 70.000,00 €.

Indica a Interventora que estes cambios nos importes, segundo o indicado polo representante do BNG, non supoñen ningún cambio no total do crédito da aplicación orzamentaria afectada”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luis Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	6/31





Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=3>

3.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN DO USO DA DENOMINADA CARTA XEOGRÁFICA DE GALICIA DE DOMINGO FONTÁN DE VALOR ARTÍSTICO OU HISTÓRICO A FAVOR DO IES LUCUS AUGUSTI DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“A Deputación Provincial de Lugo é titular da denominada Carta Xeográfica de Galicia de Domingo Fontán cuxo valor artístico ou histórico -datada do 1.845- determinou a súa inclusión no Libro de Inventario provincial baixo o epígrafe III relativo aos “mobles de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico”.


Con data do 19.04.2023, o IES Lucus Augusti de Lugo -dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades- solicita a esta Deputación a cesión gratuíta deste ben para a súa exposición na entrada do centro, nun espazo acondicionado ao efecto.

Para a tramitación da cesión interesada polo IES Lucus AUGusti constan no expediente os seguintes antecedentes:

Primeiro. A Xunta de Goberno celebrada o 13.11.2009 adoptou o acordo relativo á aprobación do Convenio de Colaboración entre esta Deputación de Lugo e o IES Lucus Augusti relativo á cesión gratuíta e temporal da Carta Xeométrica de Galicia de 1.845.

Segundo. A Xunta de Goberno celebrada o 04.05.2012 adoptou o acordo relativo á prórroga e modificación puntual do Convenio de Colaboración entre esta Deputación de Lugo e o IES Lucus Augusti relativo á cesión gratuíta e temporal da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	7/31



Terceiro. A Xunta de Goberno celebrada o 13.06.2014 adoptou o acordo relativo á prórroga do Convenio de Colaboración entre esta Deputación e o IES Lucus Augusti relativo á cesión gratuíta e temporal da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán.

Cuarto. Acta de prórroga do Convenio de Colaboración entre esta Deputación e o IES Lucus Augusti relativo á cesión gratuíta e temporal da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán asinada o 13.06.2014.

Quinto. Certificación do 15.05.2023 de inscrición no Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo no epígrafe III, folios catrocentos vinte e sete ao catrocentos vinte e nove a denominada Carta Xeográfica de Galicia de Domingo Fontán que baixo a natureza xurídica patrimonial consta a descrición, o seu valor artístico, histórico ou económico, datada do ano 1.845 e cunha valoración de 9.000 €.

Cuarto. Informe da Dirección do Museo Provincial de 16.05.2023 baixo o CSV IV70427NB4XYRKJLA4MCKFIUAY no que en relación co escrito de solicitude do IES Lucus Augusti para a renovación do citado convenio de colaboración ou acordo de cesión similar por un tempo indeterminado ou definitivo, determina que:


“... sobre a viabilidade desta petición comunico a posibilidade de realizar un depósito a longo prazo sempre e cando os servizos competentes da Deputación o consideren factible tecnicamente garantindo a súa conservación, seguridade e protección así como a propiedade do ben e nestes termos asino o presente informe”.

Sexto. Informe previo da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia que sobre o presente expediente preceptúa o contido do artigo 81 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, artigo 277 da Lei 5/1997 de 22 de xullo reguladora da Administración Local de Galicia e artigo 117 do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño que aproba o Regulamento de Bens das Entidades locais coas seguintes:

Consideracións técnicas e xurídicas:

1.- O artigo 64.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) establece que “O traslado de bens mobles declarados de interese cultural deberá ser autorizado pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural”.

	IV7WWWPMZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWWPMZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	8/31





2.- O artigo 66.1 da LPCG dispón que “Quen promova o traslado de bens mobles catalogados deberá realizar unha comunicación previa á consellaría competente en materia de patrimonio cultural”.

3.- A Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, non está incluída nin no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia nin no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia.

INFORME

Tendo en conta as anteriores consideracións xurídicas e técnicas, informo que para formalizar a cesión de uso temporal e gratuíto da Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, ao IES Lucus Augusti da cidade de Lugo non é preciso a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, nin a comunicación previa do traslado a este centro directivo.

Tendo en conta o contido básico do artigo 8 da Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas relativo os principios reitores dos bens e dereitos patrimoniais, que determina que a xestión e administración dos bens e dereitos patrimoniais polas administracións axustarase, entre outros, ao principio de “Colaboración y coordinación entre las diferentes Administraciones públicas, con el fin de optimizar la utilización y el rendimiento de sus bienes”.

Tendo en conta o informe da Secretaria Xeral e da Sección de Patrimonio de data 08.08.2023 asinado baixo o CSV IV7PWAJ234XLKTRMZUXWAXYGOY que conclúe que o presente procedemento conducente á cesión gratuíta do uso temporal do ben provincial de carácter artístico e histórico denominado Carta Xeográfica de Galicia de Domingo Fontán a favor do IES Lucus Augusti de Lugo adecúase á lexislación vixente e poderá someterse á aprobación do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que o dito informe contén os requisitos relativos ao obxecto, finalidade, extinción e prego reitor, - cuxo texto consta incorporado como Anexo e no que constan as obrigas das partes e o réxime de distribución de gastos- para formular o acordo de vontades das partes interesadas.

Tendo en conta informe da Intervención Provincial asinado o 26.10.2023 baixo o CSV IV7PE6KY3VHKXZNPQX7VMPXDJ4 e no que conclúe “...non existe inconveniente a tramitación do expediente de cesión de uso do ben citado ao IES Lucus Augusti de Lugo dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades”.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	9/31



Polo exposto, a teor do disposto no número 10 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 do novembro, de Contratos do Sector Público, proponse ao Pleno:

Primeiro. Aprobar a *cesión gratuíta do uso* temporal do ben provincial de carácter artístico e histórico denominado Carta Xeográfica de Galicia de Domingo Fontán a favor do IES *LUCUS AUGUSTI de Lugo* pertencente á Consellería de *Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades* da Xunta de Galicia por un período de DEZ ANOS, con posibilidade de prórrogas automáticas de carácter anual ata un máximo de vinte anos.

Segundo.- Aprobar o texto do acordo que incorpora as disposicións reguladoras da dita cesión de uso e proceder a súa formalización mediante a sinatura en documento administrativo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=4>

--oo0oo--


4.- PROPOSTA DE GOBERNO EN APOIO Á MELLORA DAS CONDICIÓNS LABORAIS E SALARIAIS DAS TRABALLADORAS DO SECTOR DA LIMPEZA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de Goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a Deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en apoio á mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras do sector da limpeza de Lugo.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	10/31





Exposición de Motivos:

O sector da limpeza privada na provincia de Lugo é un sector que da emprego na actualidade arredor de 1.800 traballadoras e traballadores. Moitas delas, empregadas de concesionarias dos servizos de limpeza das administracións.

Dende hai máis dun mes, concretamente dende o 16 de outubro, as traballadoras e traballadores do sector da limpeza de Lugo están en folga indefinida para esixir unha mellora nas súas condicións laborais e salariais. Trátase dun conflito no marco da negociación do seu convenio colectivo que rematou a súa vixencia o día 31 de decembro de 2021.

Dende ese momento, hai case 2 anos, as traballadoras e traballadores do sector están a ser regulados por un convenio colectivo cuxas táboas salariais son inferiores ao mercado polo S.M.I., segundo o manifestado polas centrais sindicais.

A parte social levaba meses reclamando á patronal a negociación dun novo convenio colectivo; demanda á que non atendeu hasta a primavera deste ano 2023. A patronal sentouse a negociar cunha pobre proposta, que no caso dos incrementos salariais suporía continuar por baixo do Salario Mínimo Interprofesional, proposta esta absolutamente indecente e indigna.

Nesta situación, as traballadoras e traballadores do sector continúan en Folga Indefinida para reivindicar a sinatura dun convenio colectivo digno que garanta como mínimo superar o SMI e que garanta manter o poder adquisitivo en base a unha cláusula de revisión salarial, situación fronte á que a Patronal Estatal ASPEL e a CEL actúan con excesiva pasividade.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos:

- 1.- Amosar o apoio ao persoal do sector da limpeza da Provincia de Lugo na súa loita por un convenio digno.
- 2.- Instar ás Patronais CEL e ASPEL a manter unha actitude negociadora áxil e dialogante que facilite que por medio da Mesa de negociación se poda chegar a un acordo entre as partes.
- 3.- Instar a Xunta de Galiza a, no marco das súas competencias en materia laboral, mediar no conflito rexistrado no sector da limpeza de Lugo e garantir unhas condicións laborais e salariais dignas para as traballadoras”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	11/31



Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta proposta, por parte do Grupo Provincial Popular, preséntase una emenda de engádega que di o seguinte:

“O Grupo Provincial Popular propón engadir un punto á proposta de acordo formulada:

4.- Instar ao equipo de goberno provincial, dentro das súas competencias, a mellorar as condicións salariais e sociais das traballadoras e dos traballadores do sector da limpeza; iniciando a negociación dun convenio colectivo propio da Deputación Provincial para as persoas que traballan no sector da limpeza no ente provincial xa sexa directa ou indirectamente”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada anteriormente transcrita.

A continuación intervén o Sr. Presidente para propoñer o debate conxunto e a votación separada dos puntos cinco e sete por tratarse de asuntos similares, sendo aprobada a proposta por tódolos Grupos da Corporación.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=5>


5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA QUE GARANTA A OFERTA LECTIVA DO CAMPUS DE LUGO E MODIFIQUE O DECRETO 222/2011 QUE REGULA O FUNCIONAMENTO DOS CAMPUS PERIFÉRICOS.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta que garanta a oferta lectiva do Campus de Lugo e modifique o Decreto 222/2011 que regula o funcionamento dos campus periféricos.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	12/31





Hai apenas uns días a sociedade lucense reaccionou con firmeza e claridade rexeitando as novas que achegaban os plans da Xunta de reducir a oferta de graos do Campus Lugo. Unha redución que se xustificaría apelando ós criterios de cota de alumnos fixados no Decreto 222/2011 que regula o funcionamento dos campus periféricos. Uns criterios desactualizados, que non teñen en conta o impacto do reto demográfico.

A intención de suprimir os graos de Paisaxe e Enxeñaría Civil así como a conversión en interuniversitarios dos graos de Enxeñaría agrícola e agroalimentaria e o de Enxeñaría Forestal e do medio natural, ademais da intención futura de eliminar a oferta do grao en Procesos Químicos suporía a perda dalgúns dos sinais de identidade da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría e da Facultade de Ciencias.

Os e as socialistas respectamos escrupulosamente a tradición histórica de autonomía universitaria, pero entendemos que no mundo contemporáneo, calquera reforma da oferta educativa debería facerse tendo en conta tamén a opinión dos axentes sociais do territorio no que se imbrica unha universidade pública. Levamos moito feito entre todos e todas, e de seguro que entre todos atopamos camiños para seguir crecendo.

No caso do Campus de Lugo, a Deputación ten unha longa aposta de colaboración, achegando fondos e cedendo terreos para facer realidade un campus que sentimos como propio. Un campus que se ten convertido nun punto de encontro entre a comunidade docente, os alumnos/as, investigadores/as de primeiro nivel e os empresarios/as e representantes do tecido produtivo que se beneficia da transferencia de coñecemento que aporta a universidade pública.

No eido educativo, os criterios económicos intelixentes non miden só o que custan os profesores/as, senón o retorno social e o aporte ó desenvolvemento que aporta a formación que reciben os mozos e mozas, o valor engadido que o saber universitario aporta ás empresas. Garantir o acceso á educación superior nas contornas rurais, de menor densidade de poboación é non só unha obriga constitucional, senón un xeito eficaz de facer fronte ao reto demográfico e apostar polo futuro.

Os e as socialistas de Lugo temos un firme compromiso ca promoción do acceso ó ensino superior público como un dereito irrenunciable e un xeito de promover o desenvolvemento da nosa provincia, e por iso presentamos para a súa aprobación esta moción instando á Deputación Provincial de Lugo a que solicite á Xunta de Galicia e á USC:

1.- Que adopten todas as medidas oportunas para garantir que o Campus Terra mantén no futuro a súa acreditación de campus especializado.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	13/31



2.- Que a evolución da oferta formativa do Campus de Lugo se faga con criterios de modernización e rendibilidade social, incorporando novas materias e estudos, ou adaptando as denominacións aos estándares europeos e internacionais, pero nunca suprimindo estudos demandados pola sociedade e imbricados co tecido produtivo da nosa provincia.

3.- Que a Xunta de Galicia modifique o Decreto 222/2011 que regula o funcionamento dos campus periféricos do sistema universitario público galego. Nomeadamente no que fai ás cotas de alumnos, fixadas cuns criterios economicistas que prexudican de xeito especial á Galicia rural e ás zonas menos poboadas, tendo en conta a compoñente práctica das titulacións afectadas.

4.- Que traslade ó conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, e ó reitor da USC, os acordos anteriores”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=6>


6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA QUE ACOMETA AS OBRAS DA VAC COSTA NORTE E DA VARIANTE DE VIVEIRO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta que acomete as obras da VAC Costa Norte da variante de Viveiro.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	14/31





A historia da parálise das obras da Vía de Alta Capacidade da Costa Norte corre paralela á parálise xeral das infraestruturas galegas durante os anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. Logo das licitacións das variantes de Ortigueira e Xove, feitas polo executivo de Emilio Pérez Touriño e rematadas respectivamente nos anos 2013 e 2017, nada se fixo dunha vía anunciada no 2001 por Manuel Fraga, e abandonada no caixón polos seus herdeiros políticos.

Como sucede con tantas outras infraestruturas fundamentais para o desenvolvemento da nosa provincia, como o corredor de Nadela (Lugo) ata Monforte de Lemos, a Ronda Este de Lugo ou o Porto Seco de Monforte, os lucenses sufrimos ca VAC Costa Norte a burla preferida do goberno do PP: consignar ano tras ano nos Orzamentos da Xunta partidas que logo non se executan.

Que as infraestruturas son fundamentais para garantir a mobilidade de persoas e mercadorías e garantir o desenvolvemento da Economía é unha verdade que os nenos e nenas aprenden en Primaria, pero que os políticos populares parecen non entender. Non hai moito, nunha resposta no Parlamento de Galicia, o director da Axencia de Infraestruturas recoñeceu que a VAC Costa Norte non era una prioridade para o goberno do PP. Quedouse corto; o que non é unha prioridade para o PP é o desenvolvemento de Lugo.

No caso da Mariña, a paralización desta infraestrutura clave súmase a unha serie de aldraxes continuados do goberno do Partido Popular na Xunta. Un goberno que non colaborou na crise industrial da zona, e estivo sempre metendo medo e sementando dúbidas sobre o futuro de Alcoa. Un goberno que non e quen de ter presentado un plan de reindustrialización para a zona, e que enganou aos veciños e veciñas da Mariña ca suposta chegada da planta de Altri, que logo se reubicou noutra zona da provincia

Os e as socialistas de Lugo temos un firme compromiso ca reclamación das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da provincia. E presentamos as nosas reclamacións ante as administracións con independencia da cor política de quen governe nelas. Por iso esperamos que, por unha vez, o PP faga o mesmo e apoie esta moción que o Grupo Provincial Socialista presenta para a súa aprobación en Pleno, para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Que reactive de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da VAC Costa Norte e, nomeadamente, da súa variante de Viveiro.
- Que presente un cronograma con prazos e investimentos concretos, que fixe unha data para a conclusión desta infraestrutura.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	15/31



- Que converta a construción da VAC Costa Norte nunha prioridade do goberno da Xunta, como un paso dos moitos que o PP ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña, no eido das obras públicas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante esta moción por parte do Grupo Provincial Popular preséntase una emenda de engádega, que textualmente di o seguinte:

“O Grupo Provincial Popular propón engadir o seguinte punto á proposta de acordó formulada:

Que a Deputación Provincial de Lugo solicite ao Goberno do Estado:

- Que reactive de xeito inmediato os procesos que permitan desbloquear a construción da A-74.
- Que presente un cronograma con prazos e investimentos concretos, que fixe una data para a conclusión desta infraestrutura
- Que converta a construción da A-74 nunha prioridade do Goberno do Estado, como un paso dos moitos que o PSOE ten que dar para saldar a débeda que ten contraída con Lugo e coa Mariña, no eido das obras públicas”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=7>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RECLAMANDO Á XUNTA DE GALIZA QUE GARANTA A OFERTA DE TITULACIÓNS ACADÉMICAS DO CAMPUS TERRA DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	16/31





“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Daniel García Fernández, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción reclamando á Xunta de Galicia que garanta a oferta de titulacións académicas do Campus Terra de Lugo.

Exposición de Motivos:

O Estatuto de Autonomía de Galiza establece no seu artigo 31, como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galiza, a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real Decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galiza as competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola Comunidade Autónoma e asignadas á Consellería de Educación polo Decreto 62/1988, do 17 de marzo.

Nas últimas semanas, atopámonos nas primeiras planas dos medios de comunicación un novo globo sonda, que ameaza a oferta académica ofertada dende o Campus Terra de Lugo da USC, cun novo recorte de titulacións.

Concretamente, “Paisaxe” (creado en 2018/2019) e “Enxeñaría Civil” na Escola Politécnica Superior (EPS), “Enxeñaría e Procesos Químicos Industriais” na Facultade de Ciencias, así como a combinación cos campus de Ourense e Pontevedra das “Enxeñarías Agrícolas e Forestais”, respectivamente.

Sobra dicir que materializar estas mudanzas suporía un durísimo golpe para un Campus, como o de Lugo, especializado na formación e xeración de coñecemento arredor das ciencias vencelladas á terra. O Campus Terra é o referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vencellados á sustentabilidade económica, social e medioambiental dos usos do territorio.

Malia que dende a Universidade de Santiago de Compostela (USC) se trasladou con con posterioridade a intención de adiar a decisión de aplicar os recortes ata dentro dun ano, o certo é que a nova ameaza de redución de titulacións no campus de Lugo causou unha enorme preocupación social non só no ámbito universitario senón no tecido social da cidade e por extensión de todo o ámbito produtivo primario da

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	17/31



provincia de Lugo.

Lugo é un campus denominado periférico ao que a normativa da Xunta de Galiza, concretamente o Decreto 222/2011 impón unha serie de esixencias que veñen dificultando o seu mantemento e supervivencia. De maneira significativa, a obriga de contar con 45 estudantes de novo ingreso cada ano para manter o mapa de titulacións actual é totalmente inxusta e desproporcionada ás actuais condicións demográficas.

Tendo en conta a realidade demográfica do interior de Galiza e tamén a falta de infraestruturas e comunicacións que lastran, desde hai décadas, o desenvolvemento social e económico da provincia de Lugo; o Campus Terra debera ser obxecto de medidas de discriminación positiva por parte do Goberno galego e non, como acontece, de esixencias cada vez máis duras e intransixentes para poder asegurar o seu funcionamento.

Neste senso, cómpre sinalar que no Plan de Financiamento do SUG, a Xunta de Galiza acordou coas universidades “optimizar” a súa oferta de titulacións para poder acceder a parte dos recursos económicos sendo que, a maior parte das veces, esa pretensa optimización resulta na redución de títulos ou na súa combinación con outros.

Para o Bloque Nacionalista Galego o Campus Terra non pode ser obxecto de novos recortes máis aínda en áreas de coñecemento que representan un valor fundamental presente, mais sobre todo futuro, para o País.

Cómpre sinalar que o Campus de Lugo representa un espazo de investigación e innovación de enorme valor para o tecido produtivo da provincia e desenvolve un labor fundamental en áreas de coñecemento vencelladas ao cambio climático, á xestión do territorio, e o seu impacto global no sector primario dende todas as perspectivas produtivas: agrarias, gandeiras, forestais e mediambientais. Razón pola que todos os esforzos, universitarios e políticos, deben centrarse na súa promoción e na garantía do seu funcionamento.

Para facer fronte a esta situación, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Paralizar calquera intento de recorte no mapa da oferta de titulacións académicas que actualmente se imparten no Campus Terra de Lugo, e establecer unha planificación a longo prazo que blinde as titulacións de carácter técnico, vencelladas ao uso da “Terra” e que definen os graos de especialización e singularidade do

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	18/31





Campus Terra.

2.- Diseñar programas públicos de tutela e de acompañamento, xunto con outras administracións e coas universidades, encamiñadas a promover vocacións relacionadas cos perfís profesionais que se ofertan no Campus Terra e nos demais campus periféricos e que garanten a futura incorporación dos perfís académicos ofertados, que contan con excelentes saídas profesionais.

3.- Suprimir a obriga do Decreto 222/2011 de contar con 45 estudantes de novo ingreso como esixencia para manter a oferta de títulos, en diálogo co Sistema Universitario Galego. Neste senso, a Xunta de Galiza arbitrará medidas de discriminación positiva que favorezan o mantemento dos campus periféricos tanto nas súas funcións formativas como de investigación e protexan a propia condición de singularidade e de especialización do Campus Terra”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. José María Fernández Vázquez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=8>


8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A PROMOVER MODIFICACIÓNS NORMATIVAS PARA PERMITIR RECUPERAR AS ACHEGAS DE AVOGADOS E PROCURADORES ÁS MUTUALIDADES PRIVADAS CON DESTINO AO RETA.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno de España a promover

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	19/31



modificacións normativas para permitir recuperar as achegas de avogados e procuradores ás Mutualidade privadas con destino ao RETA.

Exposición de Motivos:


O profesional da avogacía e procuradoría, adscrito ou non á Quenda de Oficio, non ten dereito a xubilación, vese obrigado a continuar eternamente no seu traballo, debido a que as contías das súas xubilacións son na maior parte dos casos inferiores a unha pensión non contributiva, a pesar de cotizar durante toda a súa vida profesional. Ata o ano 1995 estes profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores autónomos ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe continúa sendo así, o exercicio desta posibilidade, implica para os avogados e procuradores cotizantes nas Mutualidades, que todo o achegado queda atrapado nesas entidades privadas.

Desde os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a elección das mesmas para os novos colexiados, asegurando aos colexiados mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo as Mutualidades as que establecían as táboas de cotización de cada mutualista, pero ao momento da efectiva xubilación en ningún caso están a abonarse as pensións que aseguraban terían estes profesionais, ata o punto de abonar pensións na maior parte dos casos inferiores a 500 euros, non actualizables. Esa cantidade é a cantidade que cobrarán ao longo de toda a súa vida mensualmente, manifestando agora ademais que os nosos fondos non están garantidos, debido a que por posteriores reformas lexislativas, o que era un plan alternativo de xubilación pasou a ser un plan de pensións individuais, que se atopa moi lonxe do asegurado e facilita pensións vitalicias ridículas, inferiores ao importe dunha pensión non contributiva.

Agora, novamente vólvense a realizar reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público, inicialmente imposto, posteriormente enxalzado e incentivado, para daquela ser transformado, e unha vez máis, realízase sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, os profesionais constatan como os seus compañeiros máis maiores non se poden xubilar, e que as estimacións dos que son un pouco máis novos poidan facelo son cada vez máis irreais.

Os profesionais non solicitan ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos contribuíntes ou do resto de traballadores. O que lles interesa é que se lles permita trasladar o diñeiro que teñen atrapado nas entidades privadas mutuais, tras as cotizacións de toda unha vida, e achegalo ao sistema público, igual que se fixo no seu

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	20/31





día con notarios e corredores de comercio. Que se lles trate igual que ao resto de traballadores do país.

Os avogados, avogadas e procuradoría mutualista non teñen dereito a unha incapacidade permanente total, nin a pagas extraordinarias, nin cesamento de actividade. Os seus fillos non teñen dereito a pensión de orfandade, non existe a pensión de viuvez, os profesionais ao longo da nosa vida profesional só poden ter baixa por IT durante 365 días, en toda a súa vida, e se o que padecen é unha enfermidade psicolóxica, só durante 60 días poden ter baixa por tal padecemento. Ata 2012 non tiñan nin seguro médico. Todos eles son dereitos esenciais para calquera traballador ou traballadora e os que loitan por estes dereitos nos tribunais carecen deles.

Trátase dun problema social, que parte da discriminación exposta e das variacións legais referidas, que non debe seguir sendo obviado, nin ocultado, nin parcheado, senón que pola contra debe ser abordado sen dilación e con carácter urxente, para atoparlle solucións.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:


O Pleno da Deputación Provincial de Lugo acorda:

1.- Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os profesionais da avogacía e a procuradoría que o desexen poidan recuperar as súas achegas ás mutualidades privadas con destino ao RETA. Débese garantir a todos os profesionais, en función dos seus anos de exercicio e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación mínima e digna, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores cotizantes do RETA, incluídos aqueles que xa conforman as clases pasivas.

2.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e no de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, don Francisco Cajoto Caserío, e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros/as do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Efrén Castro

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	21/31



Caloto, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=9>

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A IMPULSAR A LIÑA DE ANCHO MÉTRICO ENTRE RIBADEO E FERROL

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao Goberno de España a impulsar a liña de ancho métrico entre Ribadeo e Ferrol.

Exposición de Motivos:

A rede ferroviaria de ancho métrico que percorre Galicia dende Ferrol a Ribadeo e que conecta co norte da península presenta recoñecidas deficiencias: atrasos, avarías, cancelacións, falta de persoal, eternas viaxes de percorrido interminable, interrupcións de servizos, traslados inoportunos en buses o taxis, desprendementos de terra ou caídas de árbores coma a que provocou, recentemente, a suspensión do servizo polo descarrilamento dun tren. Trátase dunha conexión desaproveitada, que non se axusta ás necesidades e demandas dos usuarios.

A liña podería ter, se contara coas inversións necesarias, unha dobre funcionalidade: como transporte de cercanías que conecta as comarcas e comunidades do Cantábrico e como transporte de mercadorías. Coas innovacións, material, infraestrutura, electrificación e as características propias dun tren moderno, podería ser unha liña competitiva que contribuiría ao dinamismo económico, industrial, turístico, social e cultural de comarcas como A Mariña e Ferrolterra; ademais de constituír un medio de transporte funcional, cómodo, rápido, ecolóxico e sostible. Pero que a falta de inversións e melloras redúceo a unha simple presenza testemuñal desprovisto de funcionalidade como servizo público de transporte.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	22/31





Hai que recordar que Renfe comprometeu en 2018 un plan de actuación para mellorar a calidade do servizo ferroviario entre Ferrol e Ribadeo, onde o material rodante é causante da maioría das incidencias e precisa ser modernizado.

E o 29 de xuño do 2020, o Mitma comunicaba que “Renfe adxudica a CAF a compra de 31 trens de ancho métrico e 6 alpinos por 258 millóns de euros”, detallando que se adquirirían 26 trens eléctricos e 5 híbridos que, ademais de en Asturias e Cantabria, poderían utilizarse en Galicia e Castela e León.

Pero o compromiso do Goberno de España de renovación da frota no ferrocarril de vía estreita non se cumpriu a raíz do erro nos cálculos nos gálibos da infraestrutura dos novos trens, o que provocará un atraso considerable na chegada dos novos convois que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) baralla para o primeiro semestre de 2026, segundo recolle na información publicada no seu portal web o 20 de febreiro de 2023.

A ministra, Raquel Sánchez, mantíña nesa data cos presidentes do Principado de Asturias e de Cantabria unha reunión da que excluía a Galicia. Nese momento, a responsable do Mitma anunciaba a extensión da gratuidade dos Cercanías en Asturias e Cantabria máis alá do 31 de decembro de 2023 e ata a chegada dos novos trens habilitando o financiamento a través dos Presupuestos Generales del Estado. É dicir, o Goberno anuncia, tirando de recursos públicos para tratar de rebaixar a tensión das críticas, que en Asturias e Cantabria o servizo será gratuito como medida compensatoria pola tardanza na entrega dos novos trens. Pero desvincula a Galicia das bonificacións, a pesar de ser tamén prexudicada e afectada polo atraso na incorporación dos novos trens á frota da rede de ferrocarrís de ancho métrico.

O atraso na entrega do material rodante para o servizo operado pola antiga Feve e a exclusión das bonificacións son un agravio máis para os intereses de Galicia e da comarca da Mariña, que a estas alturas, aínda non recuperou os servizos cancelados por mor da pandemia sanitaria.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo

O Pleno da Corporación da Deputación da Lugo insta ao Goberno de España a:

1.- Corrixir o agravio anunciado e outorgar a Galicia as mesmas medidas compensatorias anunciadas para Asturias e Cantabria para minimizar os prexuízos derivados do atraso na renovación dos trens da liña ferroviaria de ancho métrico que

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	23/31



operan na nosa Comunidade e que aseguran aos usuarios a gratuidade do servizo ata a entrega das unidades de trens pendentes no contrato en curso.

2.- Aprobar en 3 meses un Plan de actuación para mellorar a calidade do servizo ferroviario entre Ferrol e Ribadeo.

3.- Acompañar a necesaria modernización do material rodante na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo co incremento de frecuencias que permitan atender adecuadamente a demanda de mobilidade dos usuarios”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do señor Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as Deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, don Francisco Cajoto Caserío, e dona Marisol Morandeira Morandeira, membros/as do Grupo Provincial Socialista, e do señor Deputado D. Efrén Castro Caloto, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as deputados/as do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG) Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.


<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=10>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

10.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVO Á MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, ANO 2023, POLO CONCELLO DE NÉGUEIRA DE MUÑIZ.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Unico 2023, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “.. *Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan único, motivadamente, poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas*

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	24/31





bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria....” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de datas 20/10/2023 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2023, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=11>

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2023 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe dos meses de xullo, agosto e setembro de 2023 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=12>

12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.


Dáse conta do informe do terceiro trimestre de 2023 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=13>

13.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE SETEMBRO DE 2023.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de setembro de 2023.

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	25/31



<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=14>

14.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2023 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2023.

Dase conta do informe da avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2023 e previsións a 31 de decembro de 2023.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=15>

15.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta e un de outubro de dous mil vinte e tres, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4392 ao 4880. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=16>

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=17>


17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Polo señor Presidente manifestase que por parte do Grupo Provincial Popular presentáronse dous Rogos e dúas Preguntas, que se tratarán a continuación:

ROGOS

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo á ponte de acceso ao barrio de Castelo, que textualmente di o seguinte:

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	26/31




“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O único acceso para vehículos do que dispón un núcleo de catro vivendas do barrio de Castelo, no concello de Lugo, é unha vía de titularidade municipal que, na zona entre as edificacións, é moi estreita.

Isto supón un problema especialmente en casos nos que se requiren os servizos de vehículos de emerxencia coma ambulancias, grandes dimensión ou mesmo cando algún vehículo obstaculiza o paso; situacións ás que xa se tiveron que enfrontar algúns dos veciños destas vivendas.

Este mesmo núcleo de vivendas dispón dun acceso peonil polo paseo do río Rato e a través dunha ponte que é o suficiente ampla e ben dimensionada para o paso de vehículos.

É por iso polo que os veciños propoñen a posibilidade de instalar unha sinalización axeitada para permitir o paso a residentes, en momentos puntuais por dimensións dos vehículos ou imposibilidade de paso, a través dun itinerario alternativo con entrada dende a LU-530 no p.k. 0,8 (de titularidade municipal nese punto) polo paseo do río Rato e a través da ponte situada nas coordenadas 43°00'36.4"N – 7°32'49.0"W.



	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	27/31



Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo que estude a posibilidade de permitir o acceso de vehículos -de forma exclusiva para o servizo dos residentes- das vivendas dun pequeno núcleo do barrio de Castelo, no Concello de Lugo, a través da ponte no paseo do río Rato cando a vía municipal que comunica este núcleo estea cortada ou as súas dimensións non permitan o paso a vehículos de emerxencias”.

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á reparación de vías provinciais en O Corgo, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O mal estado das vías de titularidade da Deputación de Lugo é xeneralizado en moitos concellos da provincia. Concretamente no caso do concello do Corgo o estado das estradas provinciais é obxecto de queixas habituais por parte dos veciños e veciñas debido aos importantes baches, o desgaste total do pavimento e a diferenza de estado entre estradas provinciais con respecto aos tramos das mesmas que pasan por outros concellos. No concello de O Corgo precísase unha actuación inminente nas seguintes vías:

- LU-P-1602 é preciso ampliala desde As Aceas ata Adai, incluíndo a ponte sobre o río Chamoso.
- LU-P-1603, que comunica Gomeán con Maceda (especialmente á altura de Outeiro, Marei) ten innumerables baches polo que urxe unha repavimentación da vía.
- LU-P-1606, entre Adai e Queizán, é preciso apostar por unha ampliación e mellora da vía.
- LU-P-1610, que comunica Escoureda con Abragán e por onde pasa a diario o transporte escolar, atópase na actualidade case intransitable en zonas con grandes baches e co pavimento totalmente desgastado polo que é urxente renovar o asfalto da estrada.
- LU-P-1611, coñecida como “cinturón comarcal”, presenta mal estado no termo municipal do Corgo e moito desgaste no asfalto. Por desgraza apréciase un trato diferenciado do mantemento desta vía en función do concello polo que

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	28/31





transcorre polo que se ve preciso dar un trato homoxéneo á vía e garantir o bo estado de mantemento ao longo da mesma.

- LU-P-2904 é outro claro exemplo dunha vía provincial que presenta peor estado no termo municipal do Corgo que no veciño concello de Lugo. É preciso de novo garantir un trato igualitario e mellorar o firme no tramo desta vía no municipio de O Corgo.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno da Deputación de Lugo actuar na maior brevidade posible para paliar o mal estado destas vías e desenvolver un plan de actuación para proceder á mellora do seu mantemento ou reparación integral que contemple, nos casos necesarios, o ancheamento das vías”.

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao centro de día comarcal en Becerreá, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

En resposta a unha pregunta formulada polo Grupo Provincial Popular no pleno do pasado mes de outubro, o señor Rivera explicaba que está en execución o centro de transformación e que, posteriormente, o goberno provincial continuaría dando os pasos que considerasen convenientes para a apertura da residencia e centro de día comarcal en Becerreá.

Sen embargo, declaracións recentes do goberno provincial nos medios de comunicación fan dubidar da intención da Deputación de Lugo para abrir este centro.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

“É certo que a Deputación de Lugo renuncia á apertura da residencia e centro de día comarcal en Becerreá e, de ser certo, que pretende o goberno provincial facer con este inmovible xa construído con fondos públicos?”

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ao polígono industrial en Pantón, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte Pregunta:

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	29/31



Facilitar solo industrial en condicións atractivas é fundamental para estimular a economía dos concellos e, no caso de provincias coma a de Lugo, imprescindible para frear o despoboamento.

En data 12 de febreiro de 2007 asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) e o Concello de Pantón para a realización dun polígono industrial en dito concello.

Ao abeiro do devandito convenio SUPLUSA adquiriu un total de preto de 23.000 metros cadrados de terreo no lugar de O Valiño con destino á futura construción dunha área industrial, o que supuxo un desembolso de preto de 100.000,00 €.

O Concello de Pantón comprometéase a tramitar o planeamento de desenvolvemento, a dotar á área dos servizos necesarios e á conservación dos espazos públicos da mesma.

Pola súa banda, SUPLUSA asumía a responsabilidade de redactar o proxecto técnico, para o seu desenvolvemento por fases, segundo a demanda. Tamén sería a encargada de contratar as obras e da venda das parcelas.

A Deputación comprometéase a prestar apoio económico e técnico para o desenvolvemento da nova área industrial.

Posteriormente, no ano 2020, na Deputación Provincial de Lugo, acordouse a extinción de SUPLUSA mediante a cesión global de activos e pasivos á institución provincial coa finalidade de manter a continuidade da actividade e proxectos que se levaba a cabo dende a dita sociedade.


A pesar de que en diversas ocasións o equipo de goberno do Concello de Pantón mostrou interese por levar a cabo esta actuación en materia de solo industrial proxectada no municipio co fin de dinamizar a actividade empresarial e captar novos investimentos, o certo é que a día de hoxe en Pantón seguen sen polígono industrial.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Ten previsto o equipo de goberno provincial levar a cabo a construción dun Polígono Industrial no concello de Pantón?"

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20231128&punto=18>

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	30/31





E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Fecha y Hora	07/12/2023 13:50:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WWPZMEHUJ4SELUANVKBZU44	Página	31/31

